

1º CONGRESSO DE ESTUDOS RURAIS
SOCIEDADE, CONHECIMENTO E POLÍTICA

A Perspectiva Territorial na formação para o Desenvolvimento Rural

Cancela, J.J.; Alvarez, C. y Crecente, R.

Laboratorio de Proxectos e Planificación
Univ. de Santiago de Compostela

Resumo

O território, como elemento chave do desenvolvimento, está presente no Departamento de Engenharia Agroflorestal (DEA) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que tem vindo a promover actividades formativas relacionadas com o Desenvolvimento Rural (DR), como o Mestrado em Gestão do Desenvolvimento Rural, em colaboração com o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvimento de Galicia (IDEGA) e a Universidade de Tras-os-montes e Alto Douro (UTAD).

A importância actual do DR na Engenharia de Projectos implica uma diversificação das actividades do engenheiro, que participa em algo mais do que um projecto de engenharia clássica, requerendo, por isso, uma formação que permita abarcar tarefas como a relação entre Projectos e Planificação Rural. No DEA, tal como noutras universidades europeias e americanas, pretende-se formar o aluno desde a perspectiva territorial enquanto componente do DR.

Uma das funções do território é ser o suporte das actividades humanas, tanto as de produção tradicionais como as mais recentes de relação, ambientais e de lazer, entre outras. De salientar, a diversidade de elementos e processos que constituem o território e que são fonte de condicionantes e oportunidades para o desenvolvimento nas áreas rurais. Convém recordar que as outras perspectivas abordadas no Mestrado, como referência à formação para o DR (sociológica, económica e das políticas e programas), precisam de delimitar espacialmente o conceito de desenvolvimento, assim como conhecer os conceitos e processos de ordenação do território e planificação territorial na União Europeia, obtendo um conhecimento espacial do território a estudar e as suas condicionantes.

Introducción

Antes de adentrarnos no estudo da perspectiva territorial na formación, e preciso coñecer cal é, de forma breve, a situación do DEA da USC na actualidade.

O DEA é un dos tres departamentos da área de ensinanzas tecnolóxicas da USC, creado en outubro de 1996, tras-a división do antigo Departamento denominado Enxenería Agroforestal e Producción Vexetal.

A plantilla do DEA está composta por 68 profesores: 1 Catedrático de Universidade, 19 Titulares de Universidade, 1 Catedrático de Escola Universitaria, 15 Titulares de Escola Universitaria, 26 Asociados de Universidade, 1 Asociado de Escola Universitaria e 5 Axudantes de Escola Universitaria, e atópase constituído polas seguintes áreas de coñecemento (dacordo coa normativa española):

- Enxenería Agroforestal.
- Enxenería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría.
- Enxenería Mecánica.
- Expresión Gráfica na Enxenería.
- Máquinas e Motores Térmicos.
- Proxectos de Enxenería.

Actualmente é o responsable da docencia de aproximadamente o 33% dos créditos cursados na Escola Politécnica Superior, onde se imparten as seguintes titulacións:

- Enxeñería Técnica Agrícola: Explotacións Agropecuarias.
- Enxeñería Técnica Agrícola: Hortofruticultura e Xardinería.
- Enxeñería Técnica Agrícola: Industrias Agrarias e Alimentarias
- Enxeñería Técnica Agrícola: Mecanización Agraria e Construcións rurais.
- Enxeñería Técnica Forestal: Explotacións Forestais.
- Enxeñeiro Agrónomo.
- Enxeñeiro de Montes.

e nas titulación de Enxeñeiro Técnico Industrial especialidad en química industrial, Óptica e Optometría, Enxeñería Química e Graduado Superior en Impacto Ambiental noutros centro da USC de Lugo e Santiago.

Ademais o departamento leva a cabo un programa de doutoramento, que se inscribe dentro das actividades que na USC, son recoñecidas como estudos de Terceiro Ciclo, impartindo o Diploma de Estudos Avanzados en “Enxeñería Agroforestal” e o Grao de Doctor, onde anualmente participan ate un máximo de 25 persoas.

Como último punto relacionado ca formación o DEA, está colaborando no desenvolvemento dende 1999 ate hoxe dun Master dos Estudos de Posgrado da USC, Master Internacional en Xestión do Desenvolvemento Rural, do que posteriormente falaremos en profundidade, xa que a aportación do Departamento a este mestrado é o eixo da presente comunicación.

Por último non podemos deixar de referirnos brevemente a actividade investigadora do DEA, que se subdivide segundo diferentes liñas de investigación, onde se obtén unha ampla produción científica: Teses doctorais, Proxectos fin de carreira, Publicacións, Congresos, Patentes,... como pode verse na dirección <http://www.lugo.usc.es/~enagr/>

O Mestrado Internacional en Xestión do Desenvolvemento Rural

Partindo do feito de que as tres Universidades da Galiza e as Universidades da Rexión Norte de Portugal tiñan asinado no ano 1992 un Convenio de Cooperación de ámbito científico-tecnolóxico, técnico e cultural que busca a promoción de accións conxuntas que permitan o aproveitamento das súas potencialidades, xurdiu un convenio de cooperación entre a USC e a UTAD, onde se establecen as formas de cooperación entre as Universidades asinantes que permitan a realización dun Curso de Mestrado Internacional en Xestión do Desenvolvemento Rural.

O Mestrado Internacional en Xestión do Desenvolvemento Rural (MIXDR) foi deseñado, implementado e posto en funcionamento polo IDEGA e o DEA, pola USC (España), xunto cos Dptos. de Economía e Sociología (DES), Fitotecnia e Enxenharia Rural, Florestal e Zootecnia, pola UTAD (Portugal).

Os obxectivos do MIXDR son proporcionar unha capacitación interdisciplinar - económica, técnica e sociolóxica- para elaborar, avaliar, executar e xestionar programas e proxectos de desenvolvemento rural, usando os instrumentos e tecnoloxías adecuadas.

A cooperación entre as universidades organizadoras parte da afinidade nos campos de traballo dos departamentos responsables do curso, así como das semellanzas na estrutura económico-social dos respectivos espazos rurais rexionais.

O intercambio de alumnos, profesores e experiencias de desenvolvemento rural noutros contextos ten un valor formativo propio.

O programa xeral de actividades do MIXDR consiste na realización dun conxunto de materias teórico-prácticas así como na preparación e defensa dun traballo-tese de fin de mestrado. O seguimento e superación do mesmo conduce á obtención dun título propio da USC (España) e a UTAD (Portugal) que é outorgado conxuntamente.

As actividades do MIXDR se subdividen nos seguintes bloques e horas:

PARTE TEORICO-PRACTICA:

- 420 horas de cursos teórico-prácticos.
- 160 horas de estadía de prácticas e estudo independente.
- 40 horas de seminario de iniciación á investigación.

Visitas programadas de estudio para coñecer experiencias de desenvolvemento rural nos dous países.

PARTE INDIVIDUAL:

Preparación e defensa dun traballo de tese de fin de mestrado.

O seminario de iniciación á investigación será realizado en paralelo co desenvolvemento das actividades lectivas, e orientarase ó apoio do planeamento e realización da tese de fin de mestrado. A organización do curso ofrece unha serie de organismos e/ou institucións relacionadas co desenvolvemento rural para ser elixidos como lugar de estadía polo alumnos do MIXDR.

Cada alumno terá un titor que acompañará e avaliará o traballo realizado como traballo / tese de fin de mestrado. Éste será defendido ante un tribunal integrado por profesores das dúas universidades.

O calendario do curso iniciouse, tras o deseño conxunto do MIXDR, cunha pre-selección dos diferentes alumnos que estiveran interesados en realizar o curso, para no fin de setembro realizar a selección definitiva dos alunos (proceso xestionado de forma individualizada en cada unha das universidades, segundo os seus procedementos habituais).

En outubro, do primeiro ano do mestrado, escomezan as clases teóricas que son estruturadas en tres módulos obrigatorios, a desenvolver nas dúas sés do curso: Vila Real e Lugo, cursando un número semellante de créditos nas dúas (22); este período lectivo ten lugar dende outubro ate marzo.

Os alumnos están nas sedes e os profesores desplazanse de acordo co programa do curso.

As aulas teñen lugar, inicialmente, en períodos de sesións intensivos de 8 horas/día, cuestión que foi modificada trala experiencia da primeira edición, pasando a ser 6 horas/día na segunda edición.

Durante este período realízanse seis viaxes de prácticas (ampliados na segunda edición a oito) para coñecer a realidade do desenvolvemento rural tanto en Galicia como no Norte de Portugal, a través de exemplos directos.

Rematado o período de carácter lectivo e presencial, selecciónanse aqueles entes públicos ou privados que presentan interese para os alumnos, para realizar a parte práctica entre os meses de marzo e xuño. Unha vez o alumno realiza os dous períodos anteriores escomenzará a traballar no seu traballo / tese fin de mestrado, para o cal dispón de un intervalo de tempo dun ano aproximadamente (xullo primeiro ano ate xullo segundo ano).

Os Alumnos

Coñecedores neste momento da estrutura organizativa do MIXDR imos definir cales foron os criterios establecidos para a selección dos alumnos obxectivo do mesmo, así como a relación ca estrutura dos contidos formativos polos que o mestrado se decantou.

Os criterios de selección de alumnos redúcense a ser licenciado en estudos relacionados cas ciencias agrarias, ciencias sociais e/ou afíns; o expediente académico e o curriculum vitae dos candidatos, así como a súa relación co desenvolvemento rural.

Para caracterizar os alumnos seleccionados nas dúas edicións ate hoxe desenroladas centrámonos na nacionalidade, idade e formación de base. Os datos exprésanse nas seguintes gráficas:




Figura 1.- País de Orixe – MIXDR I




Figura 2.- País de Orixe – MIXDR II

No que se refire a nacionalidade de orixe dos alumnos destacar o aumento na porcentaxe de alumnos non portugueses-españóis de un 12 %, xunto co descenso dun 16% de participación de alumnos españois.

Para a vindeira edición, na fase de preinscripción da USC temos alumnos de África (1) e de Hispano-América (16) o que suporá a continuidade do curso un ano mais.




Figura 3.- País de Orixe – I e II Edición

O analizar a idade dos alumnos farémolo cos alumnos matriculados na USC; onde no MIXDR I tiñan unha media de 29.7 anos fronte os 26.7 do MIXDR II.

No referente a formación de base, tamén cos alumnos da parte española, presentámos a situación reflexada nos gráficos:




Figura 4.- Formación de Base – MIXDR I




Figura 5.- Formación de Base – MIXDR II

Obsérvase un aumento dos alumnos procedentes de licenciaturas relacionadas cas Ciencias Agrarias (34 %), fronte a diminución dun 46% dos alumnos procedentes das Ciencias Sociais. No I MIXDR as titulacións de base das que partían os alumnos eran: Xornalismo, Enxeñeiros Agrónomos, Enxeñeiros de Montes, Xestión Agraria, Humanidades, Ciencias Sociais, Ciencias Políticas, Socioloxía e Ciencias Políticas e Socioloxía, fronte a unha concentración na II edición do MIXDR: Enxeñeiros Agrónomos, Enxeñeiros de Montes, Zootecnia, Ingeniería Civil e Comunicación Social e Cultural.




Figura 6.- Formación de Base – MIXDR I e II

A caracterización do alumno vai facilitar e orientar no deseño dos contidos do mestrado, onde claramente téndese a unha formación agroforestal relacionada directamente co territorio onde se levan a cabo as súas actividades.

O Profesorado

A docencia do conxunto do mestrado foi dividida en dúas partes iguais (22 créditos) entre a UTAD e a USC, centrándonos na parte da USC, podemos dicir que os docentes poden ser membros pertencentes a USC ou non pertencentes a mesma. O total de docentes que cumpriron ca parte da docencia correspondente a USC ascende a 39 profesores dos cales 12 non pertencen a USC (ver taboa 1).

Taboa 1.- Caracterización do Profesorado

PROFESORADO USC		PROFESORADO ALLEO		DOUTORES	NON DOUTORES
Número: 27	%: 68	Número: 12	%: 32	Créditos Impartidos: 19	Créditos Impartidos: 3
Créditos Impartidos: 16.9	%: 77	Créditos Impartidos: 5.1	%: 23	%: 86	%: 14

A distribución dos docentes pertencentes a USC, divídese en tres departamentos da USC:

- Departamento de Enxeñería Agroforestal (17 prof.) repartidos en tres áreas Enxeñería Agroforestal (15), Expresión Gráfica (1) e Enxeñería Cartográfica, Xeódesia e Fotogrametría (1) e,
- IDEGA, Economía Aplicada (9) e Xeografía (1).

Os Contidos

A estrutura do curso no referente a parte teórica, subdividiuse en tres módulos. No primeiro deles tratase de introducir o alumno no concepto do DR dende as diferentes perspectivas do mesmo, no segundo módulo trátase de dar a coñecer cales son as oportunidades en canto as actividades a desenrolar no espazo rural e por último nun terceiro módulo preséntanse os instrumentos e técnicas que deben servir de apoio o DR; seguidamente expóñense os contidos de forma detallada:

MODULO 1. INTRODUCCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO RURAL

Desenvolvemento rural. Perspectiva sociolóxica.	20 h
Desenvolvemento rural. Perspectiva económica.	20 h
Desenvolvemento rural. Perspectiva Territorial.	20 h
Políticas e programas de desenvolvemento rural.	40 h

MODULO 2. A DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES NO ESPACIO RURAL: REALIDADE E ALTERNATIVAS

Producción animal.	30 h
Aproveitamentos forestais.	30 h
Actividade vitivinícola.	15 h
Sistemas agrarios.	20 h
Horto-fruticultura.	10 h
Turismo rural.	20 h
Valorización e comercialización das producións rurais.	25 h

MODULO 3. INSTRUMENTOS E TÉCNICAS DE APOIO Ó DESENVOLVEMENTO RURAL

Técnicas de negociación, animación e extensión no medio rural.	20 h
Elaboración, avaliación e implantación de proxectos de investimento.	40 h
Actuación das administracións e desenvolvemento rural	15 h
Inventario de recursos e xestión da información aplicados ó desenvolvemento rural.	50 h
Economía social, asociacionismo e acción social.	25 h

A Importancia do Territorio

Como hemos dito, a aportación do DEA céntrase no primeiro módulo do MIXDR onde se pretende formar o alumno cunha introducción o DR, para ilo expoñense tres perspectivas: sociolóxica, económica e territorial. As dúas primeiras visións do DR son impartidas conxuntamente polo DES e polo IDEGA, mentres que a última visión correpondelle o DEA.

Na perspectiva territorial defínense as bases da ordenación territorial (OT) en especial o porque do interese da mesma para o DR, o que nos leva a un desenvolvemento rural dentro do desenvolvemento territorial, en resumen a perspectiva territorial pode ser integrada a través da ordenación do territorio.

A importancia do territorio queda demostrada cando dende outras visións este necesita haber sido delimitado e diagnosticado, definido previamente para poder

abordar o estudo dende a súa visión particular. O territorio dende un enfoque multifuncional ten como funcións básicas as seguintes:

- ser soporte de actividades humanas de todo tipo; dentro destas as actividades agrarias xestionan perto do 51% do territorio en Europa. Existen ademais ámbitos territoriais con funcións de conservación, de uso urbanístico, residencial ou de ocupación por infraestructuras.
- ser fonte de recursos entendidos como bens e servicios que satisfacen necesidades humanas
- ser receptor de residuos ou desechos xenerados polas propias actividades humanas.
- ser obxecto de investigación e estudio.

Todas estas funcións son ou deberan ser definidas polas políticas de ordenación do territorio a través dos plans de ordenación de carácter horizontal ou sectorial que emanan do marco legislativo existente en cada rexión ou país.

O territorio é unha das bases fundamentais das disciplinas abordadas no MIXDR dentro do segundo módulo: Producción Animal, Sistemas Agrarios, Horto-Fruticultura, etc. Todas as actividades que permiten a diversificación no medio rural dependen directamente do territorio sobre o que se van a implantar, das súas características e das figuras de planeamento de ámbitos superiores que lles afectan directa ou indirectamente.

No referente os instrumentos e medios de apoio abordados no módulo III, destacar a íntima relación do territorio, coa xestión dos proxectos de investimento e coas actuacións administrativas relacionadas co DR.

No referente o bloco de proxectos de investimento, estes teñen unha compoñente territorial que pasa pola ubicación-localización dos mesmos. Para estudar as diferentes fases da vida dun proxecto de inversión e necesario unha formación básica das técnicas utilizadas na formulación, programación, execución e control dos proxectos de inversión, proceso no que e de suma importancia o coñecemento do territorio que vai servir de soporte do proxecto que estamos a diseñar. De todas formas é clara a estrutura plan-programa-proxecto que nos leva a consideración metodolóxica de identidade entre la planificación e proxectos

A xestión do DR atópase directamente relacionado co territorio e con todo o que elo conleva: plans e programas sectoriais de orden xerárquico superior, etc. De ahí a

relevancia do traballo e estudo dende o DEA sobre o territorio: ordenación do territorio, planificación rural e proxectos.

As actuacións administrativas relacionadas co DR céntranse no estudo das relacións entre o planeamento urbanístico e a ordenación do territorio, e as súas aportacións o DR. Tradicionalmente o planeamento urbanístico estivo centrado no urbano, por isto ten que establecer diferencias co rural. É a política de maior incidencia sobre o uso do solo, indirectamente sobre o territorio, que ademais condiciona, restrinxe e orienta moitas das actuacións de DR que se pretenden levar adiante.

Dende a óptica dos alumnos do mestrado este interés territorial tense manifestado mediante a relación dos dous traballos / teses fin de mestrado presentados ate hoxe: “Propuesta de Modelo para a evaluación de programas e iniciativas comunitarias de desarrollo rural en la unión europea” y “Estudio introductorio sobre la viabilidad del sistema de denominaciones de origen de los productos agroalimentarios en Costa Rica” co territorio.

Ademais a realización das prácticas en organismo intimamente ligados o territorio: Grupos LEADER-PRODER, SITGA, Fundacións Comarcais, Sindicatos, Asociacións,...demostran de novo o papel vital que xoga o territorio no DR.

Perspectivas Futuras do Mixdr

O MIXDR seguirá levándose a cabo nos vindeiros anos, cunha melloría progresiva e xustificada na mesma liña que ate agora, xa que os alumnos que están a demandar a realización da terceira edición comparten as características formativas cos das edicións anteriores. É certo que nesta terceira edición poderíamos atoparnos cunha maior parte do alumnado procedente de países latinoamericanos, polo que acentuaríase teórica e practicamente o estudo das diferencias entre os dous modelos de DR en Europa e nos países subdesenvolvidos.

E evidente que o territorio seguirá sendo de calquer maneira o eixo fundamental do DR polo que dende o DEA da USC, se seguirá a traballar nesta liña formando alumnos procedentes de licenciaturas agrarias principalmente, na xestión de programas e proxectos de DR no territorio rural europeo, mais concretamente no caso da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.